Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1032_23) RA1 - Revisa o plan de emerxencia na situación de incendio, avaliando a súa aplicación e identificando as medidas de prevención, as actividades formativas e os procesos de mantemento derivados.
(MP1032_33) RA1 - Prevé e controla os efectos dunha inundación, establecendo as accións que cumpra tomar de acordo co plan de emerxencia e practicando as técnicas para procurar a seguridade do buque.
(MP1032_13) RA1 - Revisa o plan de emerxencia na situación de abandono, valorando a súa aplicación e identificando as funcións, as actividades formativas e os procesos de mantemento derivados.
(MP1032_23) RA2 - Manexa os medios e os dispositivos de loita contra incendios, aplicando medidas de prevención de accidentes e practicando as técnicas asociadas.
(MP1032_13) RA2 - Dirixe supostos de abandono do buque segundo os plans establecidos, controlando os medios de salvamento e utilizando as técnicas de supervivencia con eficacia e seguridade.
(MP1032_33) RA2 - Prevé a contaminación por vertidos accidentais de hidrocarburos ou outras substancias contaminantes, valorando as súas causas e as súas consecuencias, e interpretando os plans do SOPEP/SMPEP e a normativa asociada.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1032_33) CA1.1 Recoñeceuse a compartimentación estanca en planos do buque.
(MP1032_23) CA1.1 Valoráronse as condicións para que se produza un incendio e os efectos da combustión.
(MP1032_13) CA1.1 Xustificouse a orde de abandono do barco, valorando distintas situacións de emerxencia e achegando criterios para a toma de decisións.
(MP1032_33) CA1.2 Prevíronse as medidas que se deben tomar para previr os efectos da inundación que afecten a seguridade do buque.
(MP1032_23) CA1.2 Determináronse medidas de prevención, detección e loita contra incendios a partir da identificación das causas e dos lugares de risco máis frecuentes de incendio a bordo.
(MP1032_13) CA1.2 Identificouse o sinal xeral de emerxencia, outros sinais fónicos e outras mensaxes correspondentes á situación de abandono, coas accións que ten que realizar a pasaxe e a tripulación.
(MP1032_33) CA1.3 Prevíronse as consecuencias da inundación fortuíta de un ou máis compartimentos estancos.
(MP1032_23) CA1.3 Identificouse o sinal xeral de emerxencia e outros sinais fónicos, así como as mensaxes correspondentes á situación de incendio, coas accións que cumpra realizar.
(MP1032_13) CA1.3 Determináronse de xeito xustificado as funcións de cada tripulante na situación de abandono relacionadas no COICE, utilizando o plano de salvamento e os símbolos OMI.
(MP1032_23) CA1.4 Determináronse de xeito xustificado as funcións de cada tripulante na situación de incendio relacionadas no COICE, utilizando o plano de loita contra incendios e os símbolos OMI.
(MP1032_13) CA1.4 Estableceuse un programa de control e mantemento de medios e dispositivos de salvamento, en relación co tipo de buque e os medios dispoñibles.
(MP1032_33) CA1.4 Valorouse a capacidade dos medios de achicamento asociados a cada tipo de espazo.
(MP1032_33) CA1.5 Identificáronse as características específicas das portas estancas e os seus perigos.
(MP1032_13) CA1.5 Identificáronse as accións formativas requiridas para o persoal a bordo.
(MP1032_23) CA1.5 Identificáronse as accións formativas requiridas para o persoal a bordo.
(MP1032_23) CA1.6 Planificouse o control e o mantemento dos equipamentos de detección de loita contra incendios e os equipamentos de protección, segundo o tipo de buque, conforme os certificados e utilizando listas de comprobación.
(MP1032_33) CA1.6 Identificáronse os perigos da utilización de auga na extinción de incendios en espazos interiores.

Criterios de avaliación do currículo

(MP1032_13) CA1.6 Valorouse a importancia das funcións e da súa actualización, achegando solucións aos problemas presentados durante o seguimento dos plans de abandono.

(MP1032_33) CA1.7 Establecéronse pautas de intervención para situacións de inundación, en relación cos medios dispoñibles no barco (medios de achicamento portátiles, taponamentos e reforzamento de anteparos).

(MP1032_23) CA1.7 Valorouse a importancia das funcións e da actualización do COICE, achegando solucións aos problemas presentados durante o seguimento dos plans de loita contra incendios.

(MP1032_33) CA1.8 Resolvéronse situacións de inundación, utilizando de xeito seguro e proporcionado os medios dispoñibles e as pautas de uso establecidas.

(MP1032_23) CA1.8 Identificáronse as condicións de almacenamento e estiba de materiais combustibles e inflamables, atendendo á súa natureza e aos requisitos de seguridade.

(MP1032_23) CA1.9 Valorouse a importancia da comprobación do correcto funcionamento do sistema de detección e extinción automático de incendios.

(MP1032_33) CA1.10 Valorouse a importancia da comprobación do funcionamento e a adecuación para o seu uso inmediato das instalacións fixas e dos equipamentos portátiles de achicamento.

(MP1032_33) CA2.1 Relacionáronse casos reais de contaminación analizados coas súas causas e as súas consecuencias.

(MP1032_13) CA2.1 Equipouse para a situación de abandono no tempo e na forma indicados.

(MP1032_23) CA2.1 Extinguíronse lumes reais de diferentes clases, empregando medios portátiles, no tempo e na forma indicados.

(MP1032_23) CA2.2 Aplicáronse técnicas de manexo de mangas con auga e diversos tipos de espumas en situacións controladas de extinción de incendios.

(MP1032_13) CA2.2 Utilizáronse os medios de posta en flotación de embarcacións de supervivencia e botes de rescate, con eficacia e seguridade.

(MP1032_33) CA2.2 Recoñeceuse a normativa de aplicación en materia de prevención e loita contra a contaminación accidental, dependendo do tipo de buque.

(MP1032_23) CA2.3 Utilizáronse os medios de protección persoal, tanto corporal como respiratoria, requiridos en cada situación simulada.

(MP1032_13) CA2.3 Utilizáronse técnicas de supervivencia en flotación con dispositivos individuais.

(MP1032_33) CA2.3 Relacionáronse os posibles tipos de derramamentos accidentais coas medidas preventivas e os medios dispoñibles a bordo para os combater.

(MP1032_13) CA2.4 Utilizáronse técnicas de supervivencia con dispositivos colectivos.

(MP1032_23) CA2.4 Formuláronse estratexias de intervención adaptadas ás circunstancias do incendio.

(MP1032_33) CA2.4 Propuxéronse as actuacións precisas para resolver situacións de contaminación, de acordo cos plans establecidos no SOPEP/SMPEP.

(MP1032_13) CA2.5 Exerceuse e respectouse o liderado durante o desenvolvemento dos exercicios.

(MP1032_23) CA2.5 Respondeuse á activación de alarmas segundo os protocolos de actuación.

(MP1032_33) CA2.5 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración en grupo nas actividades realizadas.

(MP1032_23) CA2.6 Participouse activamente e con responsabilidade nos exercicios.

(MP1032_13) CA2.6 Tivéronse en conta as normas de uso dos equipamentos para a detección de persoas náufragas (sinais pirotécnicos, equipamentos radioeléctricos, etc.).

(MP1032_33) CA2.6 Utilizáronse os plans de emerxencia (SOPEP/SMPEP) para a realización de exercicios e formación a bordo relacionados co control de derramamentos accidentais de hidrocarburos ou doutras substancias contaminantes.

(MP1032_23) CA2.7 Recoñeceuse e, de ser o caso, exerceuse o liderado no desenvolvemento das actividades de loita contra incendios.

(MP1032_13) CA2.7 Participouse activamente e con responsabilidade nos exercicios.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1032_33) RA1 - Preven e controla os efectos dunha inundación, establecendo as accións que cumpra tomar de acordo co plan de emerxencia e practicando as técnicas para procurar a seguridade do buque.
(MP1032_13) RA1 - Revisa o plan de emerxencia na situación de abandono, valorando a súa aplicación e identificando as funcións, as actividades formativas e os procesos de mantemento derivados.
(MP1032_23) RA2 - Manexa os medios e os dispositivos de loita contra incendios, aplicando medidas de prevención de accidentes e practicando as técnicas asociadas.
(MP1032_13) RA2 - Dirixe supostos de abandono do buque segundo os plans establecidos, controlando os medios de salvamento e utilizando as técnicas de supervivencia con eficacia e seguridade.
(MP1032_33) RA2 - Preven a contaminación por vertidos accidentais de hidrocarburos ou outras substancias contaminantes, valorando as súas causas e as súas consecuencias, e interpretando os plans do SOPEP/SMPEP e a normativa asociada.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1032_13) CA1.1 Xustificouse a orde de abandono do barco, valorando distintas situacións de emerxencia e achegando criterios para a toma de decisións.
(MP1032_13) CA1.2 Identificouse o sinal xeral de emerxencia, outros sinais fónicos e outras mensaxes correspondentes á situación de abandono, coas accións que ten que realizar a pasaxe e a tripulación.
(MP1032_13) CA1.3 Determináronse de xeito xustifico as funcións de cada tripulante na situación de abandono relacionadas no COICE, utilizando o plano de salvamento e os símbolos OMI.
(MP1032_33) CA1.9 Traballouse en equipo, amosando unha actitude participativa e responsable durante o desenvolvemento dos exercicios.
(MP1032_33) CA1.10 Valorouse a importancia da comprobación do funcionamento e a adecuación para o seu uso inmediato das instalacións fixas e dos equipamentos portátiles de achicamento.
(MP1032_33) CA2.1 Relacionáronse casos reais de contaminación analizados coas súas causas e as súas consecuencias.
(MP1032_23) CA2.1 Extinguíronse lumes reais de diferentes clases, empregando medios portátiles, no tempo e na forma indicados.
(MP1032_13) CA2.1 Equipouse para a situación de abandono no tempo e na forma indicados.
(MP1032_13) CA2.2 Utilizáronse os medios de posta en flotación de embarcacións de supervivencia e botes de rescate, con eficacia e seguridade.
(MP1032_23) CA2.2 Aplicáronse técnicas de manexo de mangas con auga e diversos tipos de espumas en situacións controladas de extinción de incendios.
(MP1032_23) CA2.3 Utilizáronse os medios de protección persoal, tanto corporal como respiratoria, requiridos en cada situación simulada.
(MP1032_13) CA2.3 Utilizáronse técnicas de supervivencia en flotación con dispositivos individuais.
(MP1032_13) CA2.4 Utilizáronse técnicas de supervivencia con dispositivos colectivos.
(MP1032_33) CA2.4 Propuxéronse as actuacións precisas para resolver situacións de contaminación, de acordo cos plans establecidos no SOPEP/SMPEP.
(MP1032_13) CA2.5 Exerceuse e respectouse o liderado durante o desenvolvemento dos exercicios.
(MP1032_23) CA2.5 Respondeuse á activación de alarmas segundo os protocolos de actuación.
(MP1032_33) CA2.5 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración en grupo nas actividades realizadas.
(MP1032_23) CA2.6 Participouse activamente e con responsabilidade nos exercicios.

Criterios de avaliación do currículo

(MP1032_33) CA2.6 Utilizáronse os plans de emerxencia (SOPEP/SMPEP) para a realización de exercicios e formación a bordo relacionados co control de derramamentos accidentais de hidrocarburos ou doutras substancias contaminantes.

(MP1032_13) CA2.6 Tivéronse en conta as normas de uso dos equipamentos para a detección de persoas náufragas (sinais pirotécnicos, equipamentos radioeléctricos, etc.).

(MP1032_23) CA2.7 Recoñeceuse e, de ser o caso, exerceuse o liderado no desenvolvemento das actividades de loita contra incendios.

(MP1032_13) CA2.7 Participouse activamente e con responsabilidade nos exercicios.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS EXIXIBLES
UF1-TÉCNICAS DE SUPERVIVENCIA NO MAR.

- Normativa sobre salvamento: convenio SOLAS, Código IDS, exercicios periódicos, listas de aprobación e mantemento, Reais decretos, directivas MSC
- Dispositivos de salvamento: identificación dos dispositivos de salvamento e características, colocación dos dispositivos individuais de salvamento, procedemento do salto o auga e maneiras de desprazarse con traxe de inmersión e chaleco salvavidas, procedemento de uso de dispositivos pirotécnicos.
- Posta a flote, embarque e permanencia nas embarcacións de supervivencias: cadro de obrigas e instrucións, sinai xeral de emerxencia, atención e colaboración, dispositivos de posta a flote, formacións grupais, supervivencia a bordo das embarcacións de supervivencia e liderazgo, procedemento para poñer a flote unha balsa salvavidas, procedemento para poñer a flote os dispositivos colectivos.

UF2-TÉCNICAS DE LOITA CONTRAINCENDIOS.

- Normativa: normativa sobre prevención e loita contraincendios, exercicios de loita contraincendios, listas de comprobacións e plans de mantemento.
- Teoría do lume: triángulo e tetraedro do lume, transmisión do calor, clasificación do lume, tipos de combustión, produtos da combustión.
- Mecanismos e axentes de extinción.
- Loita contraincendios: medidas preventivas, tácticas e métodos de loita contraincendios, equipamentos da rede contraincendios, extintores, colocación do equipamento ERA, utilización de mangas, utilización e equipamento de bombeiro.

UF3.TÉCNICAS DE CONTROL DE INUNDACIÓNS E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN.

- Técnicas de control de inundacións: compartimentacións, medios de achique, utilización de portas estancas, utilización de auga, exercicios de formación a bordo, medios de achique portátiles, simulacro de taponamento.
- Técnicas de loita contra a contaminación: criterios organizativos do plan de continxencias, relación dos derrames cos medios dispoñibles, plan de emerxencia SOPEP/SMPEP, causas da contaminación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

UF1- TÉCNICAS DE SUPERVIVENCIA NO MAR.

Nesta Unidade Formativa o alumno debe demostrar o seu coñecemento e manexo da normativa nacional e internacional, os dispositivos individuais e colectivos (dende as medidas estipuladas para os mesmos, tempos mínimos de colocación, situación, accesibilidade, precaucións, identificación, complementos (cales están dentro das balsas e os botes e o seu correcto emprego) equipamentos radioeléctricos, mantemento e inspección), equipamento e utilización de sinais pirotécnicos).

UF2- TÉCNICAS DE LOITA CONTRAINCENDIOS.

Nesta Unidade Formativa o alumno debe demostrar o seu coñecemento e manexo das técnicas que deberá empregar a bordo en caso de producirse un incendio. Deberá ter en conta a localización do mesmo, a natureza e a planificación dos exercicios para o adestramento da tripulación.

UF3- TÉCNICAS DE CONTROL DE INUNDACIÓNS E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN.

Nesta Unidade Formativa o alumno debe demostrar o seu coñecemento sendo capaz de desenvolverse nos puntos anteriormente mencionados nos mínimos exixidos nesta unidade formativa xa que de esto dependerá a perda do buque (perdida de estabilidade-vías de auga) e a concienciación da importancia da loita contra a contaminación como medio de vida para os nosos mariñeiros.

A proba constará de dúas partes.

PRIMEIRA PARTE

Unha parte tórica que se realizará no IMPA (Vigo) consistente en tres exames tipo test sobre cada unha das tres unidades formativas que compoñen o módulo.

SEGUNDA PARTE

Parte práctica que se levará a cabo na aula de seguridade da Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (Ferrol) na cal o alumno debe realizar correctamente os exercicios propostos (ver apartado 4).

A puntuación mínima para superar a proba na primeira parte será dun 5 sobre 10. Na segunda parte o alumno deberá facer correctamente, como mínimo, todos os exercicios de supervivencia, (todos os exercicios realizados na piscina e o uso da pirotecnia) o 90% de contraincendios (o 10% restante será tendo en conta de que o alumno non terá o tempo de práctica que tería se fose en convocatoria ordinaria. Si se lle permitirán 2 intentos, en cada proba. E o 10% de inundacións (xa que o instructor, neste caso a profesora, é consciente da dificultade dos taponamentos unha persoa sóla)

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**4.a) Primeira parte da proba**

A primeira parte da proba será a proba escrita. Para esta proba só será necesario un bolígrafo azul. No se aceptará outro color nin lápiz. A duración da mesma será como máximo de 3 horas.

Consistirá nun examen TIPO TEST ou de respostas curtas das distintas unidades formativas, isto é;

UF.1 SUPERVIVENCIA

50 Preguntas tipo test sobre os puntos que se enumeran a continuación.

- Normativa nacional e internacional sobre equipamentos e dispositivos de salvamento.SOLAS , código IDS, Reais decretos específicos e directivas MSC.
- Abandono do buque.
- Cadro de obrigas e instrucións para casos de emerxencia.
- Sinal xeral de emerxencia e outras mensaxes e outros sinais relacionados co abandono.
- Dispositivos individuais de salvamento e os seus complementos.
- Embarcacións de supervivencia e o seu equipamento.
- Botes de rescate e o seu equipamento.
- Zafa hidrostática.
- Dispositivos de posta en flotación e de embarque nas embarcacións de supervivencia.
- Aparello lanzacabos.
- Normativa nacional e internacional en materia de medios e dispositivos de salvamento no que respecta ao seu mantemento.
- Localización dos dispositivos individuais para a supervivencia.
- Mantemento e inspección dos dispositivos individuais de salvamento e os seus complementos.
- Mantemento e inspección dos botes e as balsas salvavidas, e dos seus equipamentos.
- Mantemento e inspección dos botes de rescate e os seus equipamentos.
- Mantemento e inspección dos medios de posta en flotación e embarque nas embarcacións de supervivencia.
- Procedementos de emerxencia, exercicios e puntos de reunión de acordo co capítulo VIII do anexo do protocolo de Torremolinos de 1993 e coa normativa.
- Planificación e organización de exercicios periódicos.
- Manexo de radioteléfonos bidireccionais.
- Formación de tripulantes e pasaxe.
- Control e asistencia á pasaxe en situacións de emerxencia.
- Equipamentos radioelétricos de socorro.
- Utilización dos equipamentos radioelétricos de socorro e medidas que hai que adoptar para ampliar as posibilidades de detección e localización.
- Utilización dos dispositivos de salvamento individuais e dos seus complementos.
- Técnicas de agrupamento e embarque nas embarcacións de supervivencia.
- Utilización das embarcacións de supervivencia e os seus equipamentos.
- Utilización dos botes de rescate e o seu equipamento.
- Posta en marcha e manexo do motor e outros equipamentos das embarcacións de supervivencia.
- Equipamento de sinais pirotécnicos.
- Utilización de sinais pirotécnicos.
- Utilización do equipamento de protección térmica.
- Supervivencia en inmersión.
- Técnicas de supervivencia a bordo de botes ou balsas salvavidas.
- Aspectos psicolóxicos na supervivencia de persoas náufragas.

Para obter un 5 deberá contestar correctamente ó 70% das preguntas, é dicir, deberá contestar correctamente a 35 preguntas.

UF.2 TÉCNICAS DE LOITA CONTRAINCENDIOS.

50 Preguntas tipo test sobre os puntos que se enumeran a continuación.

- Normativa nacional e internacional en materia de loita contra incendios a bordo.
- Tipos de transmisión de calor.
- Teoría do lume.
- Tipos de combustións.
- Tipos e fontes de ignición.
- Produtos da combustión.
- Propagación da calor.
- Riscos de incendio a bordo.
- Mecanismos de extinción.
- Axentes extintores.
- Perigo de reactivación.
- Contención dun incendio mediante anteparos, cubertas e outras divisións.
- Prevención na carga de mercadorías perigosas e loita contra incendios.
- Precaucións contra incendios e riscos relacionados co almacenamento e a manipulación de materiais.
- Sinalización e plano de loita contra incendios/OMI.
- Rede contra incendios e os seus complementos.
- Detección de incendios.
- Equipamento respiratorio de evacuación de emerxencia (AREE).
- Cadro de obrigas e instrucións para casos de emerxencia.
- Vías de evacuación en caso de emerxencia.
- Organización da loita contra incendios en porto ou en operacións contra incendios efectuadas desde terra.
- Tácticas e estratexias nos incendios.
- Comunicacóns e coordinación durante as operacións de loita contra incendios.
- Emprego da auga para a extinción de incendios: efectos sobre a estabilidade, precaucións e medidas correctoras.
- Control dos ventiladores.
- Control do combustible e dos sistemas eléctricos.
- Riscos do proceso de loita contra incendios.
- Investigación e compilación de información sobre causas de incendios.
- Planificación e organización de exercicios periódicos.
- Equipamentos móbiles e portátiles de loita contra incendios.
- Utilización de equipamentos móbiles e portátiles con distintos axentes extintores na extinción de incendios.
- Recarga de extintores de presión acaroadada.
- Equipamento de bombeiro/a.
- Utilización de equipamentos de protección na loita contra incendios.
- Equipamento de respiración autónoma (ERA).
- Utilización de equipamentos de respiración autónoma en ambientes con pouca visibilidade.
- Utilización de mangas para apagar incendios de combustibles líquidos e gasosos.
- Xeración e utilización de espumas de distinto coeficiente de expansión.

Para obter un 5 deberá contestar correctamente a o 70% das preguntas, é dicir, deberá contestar correctamente a 35 preguntas.

UF.3 TÉCNICAS DE CONTROL DAS INUNDACIONES E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN.

50 Preguntas, das cales algunhas serán tipo test e outras de responder con unha soa palabra ou respostas curtas, todo perfectamente especificado na folla do examen para que o alumno non teña ningunha dúbida sobre a súa resolución. As preguntas versarán sobre os puntos que se enumeran a continuación.

- Normas nacionais e internacionais.
- Compartimentación.
- Servizo fixo de achique.
- Portas e xuntas estancas.
- Vías de auga.
- Apontoamentos.
- Taponamentos.
- Parchemento de tubaxes.
- Equipamentos portátiles de achicamento.
- Establecemento dos límites dunha inundación.
- Medidas que procede tomar despois dunha abordaxe.
- Normativa nacional e internacional en materia de prevención da contaminación e loita contra a contaminación accidental. Organismos nacionais e internacionais.
- Efectos da contaminación accidental do medio mariño.
- Procedementos de protección ambiental.
- Prevención da contaminación do medio mariño.
- Técnicas de loita contra a contaminación por hidrocarburos.
- Técnicas de loita contra a contaminación química.
- Técnicas de limpeza en portos e costas.
- Equipamentos de loita contra a contaminación por hidrocarburos.
- Criterios para a utilización de distintos medios e produtos.
- Procedementos de utilización, limpeza e conservación de equipamentos.
- Nocións de xestión de residuos perigosos.
- Xestión de residuos a bordo.
- Plan de continxencias para verteduras accidentais de hidrocarburos ou outras substancias contaminantes (SOPEP/SM PEP).

Para superar o exame deberá sacar como mínimo un 5 en cada un dos exámes das unidades formativas. De non ser así non se fará media. E dicir para obter a mínima nota para superar o módulo (5), deberá obter como mínimo un 5 en cada unha das partes e así farase a media ($5+5+5=15/3=5$)

4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba é a parte práctica, a cal levarase a cabo na aula de seguridade da escola de Ferrol.

A duración da mesma será de 3 horas máximo desde o comezo da mesma.

Para o desenrolo de esta proba será necesario que o alumno sepa nadar correctamente e traia bañador, toalla e ropa para cambiarse.

Nesta proba o alumno deberá demostrar de forma práctica os coñecementos teóricos da primeira parte da proba.(4a))

Consistirán en exercicios de supervivencia, contraincendios e control de inundacións de cada un dos puntos detallados no punto 4.a) Primeira parte da proba.

Isto é;

Na parte de SUPERVIVENCIA:

- Saber colocarse correctamente os diferentes chalecos, o traxe de inmersión, todo no tempo que estipula a normativa. Tirarse correctamente con os dispositivos individuais desde diferentes alturas, desplazarse cos mesmos, só e remolcando a un compañeiro. Lanzamento da balsa e identificación dos medios de solta, darlle a volta ,subir nela e desprazarse estando no seu interior.

Identificación e utilización dos sinais pirotécnicos.

Na parte de CONTRAINCENDIOS:

- Colocación dos diferente traxes de bombeiro dependendo do caso.
- Utilización de mangueras de distinto diámetro,acoples, reducciones,bifurcaciones,utilización dos distintos tipos de chorros dependendo do efecto que queramos conseguir,distintos tipos de enrollado e transporte das mesmas.
- Xeración e utilización de espumas de distinto coeficiente de expansión dependendo do caso.
- Identificación, manexo e utilización dos distintos tipos de extintores. Precaucións na súa utilización e recarga dos mesmos.
- Equipos ERA, identificación dos distintos compoñentes,montado e utilización correcta do mesmo.
- Extinción dos distintos tipos de fogos.
- Orientación en espacios cerrados(con fume,espuma (ademáis de ser capaz de respirar nun espacio cuberto de espuma sen o ERA) con o equipamento axeitado.

Na parte de CONTROL DE INUNDACIÓNS:

Distintas posibilidades de taponamentos (zunchos,flejes,turafallas,....coferdams) a bordo en mamparos, portillos,....tuberías.

O alumno deberá ser capaz de facer correctamente os exercicios propostos no momento do examen.Para acadar o aprobado o alumno deberá facer correctamente, como mínimo, todos os exercicios de supervivencia, o 90% de contraincendios e o 10% de inundacións.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011804	Marítimo Pesqueiro do Atlántico	Vigo	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAP	Marítimo-pesqueira	CMMAP03	Navegación e pesca de litoral	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1033	Atención sanitaria a bordo	2021/2022	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUIS DOMÍNGUEZ DE LA IGLESIA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina as medidas preventivas para a saúde da tripulación e a pasaxe, tendo en conta os accidentes máis comúns, os procedementos básicos de hixiene e os principios de educación sanitaria a bordo, conforme a normativa sanitaria.
RA2 - Efectúa a valoración do estado do/a paciente, aplicando técnicas de recoñecemento e exploración elemental e realizando, de ser o caso, consulta radiomédica.
RA3 - Organiza o rescate, o traslado e a evacuación de persoas enfermas e accidentadas a bordo, valorando o seu estado e os medios dispoñibles, consonte a normativa.
RA4 - Determina os cuidados e a atención sanitaria básica á persoa enferma ou accidentada a bordo, en función da patoloxía ou a lesión, e aplicando os protocolos establecidos.
RA5 - Valora a aplicación das técnicas de primeiros auxilios en asistencia sanitaria de emerxencia, relacionando o estado do/a paciente coas patoloxías ou lesións máis frecuentes a bordo, seguindo os protocolos establecidos.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Determináronse medidas preventivas para os riscos ambientais, hixiénicos, sanitarios e médicos derivados da actividade do buque, valorando as características e os espazos deste e a normativa aplicable.
CA1.2 Determináronse as medidas de prevención para a tripulación, a partir da identificación de hábitos non saudables e da normativa en materia de prevención de doenzas.
CA1.3 Determináronse as medidas que cumpra adoptar para previr os riscos de accidentes máis comúns, de acordo co plan de prevención de riscos.
CA1.5 Recoñeceuse a importancia do seguimento dos plans de prevención e as propostas de mellora nas medidas de prevención, valorando a dispoñibilidade e a adecuación á normativa.
CA2.6 Utilizáronse de xeito proporcionado e adecuado as medidas de comunicación e apoio psicolóxico requiridas pola situación do/a paciente.
CA3.1 Determináronse os medios e identificáronse os métodos que permiten un rescate seguro a bordo dunha persoa enferma ou accidentado, a partir da información técnica de configuración dos espazos do buque.
CA3.2 Identifícanse os modos de establecer comunicación con pacientes e persoas accidentadas durante o rescate, empregando un talante de seguridade, tranquilizador e cordial.
CA3.5 Cubríronse as fichas médicas de evacuación.
CA4.1 Valorouse a importancia da asepsia e as técnicas asociadas, segundo os procedementos establecidos.
CA4.2 Relacionáronse os principios xerais do tratamento das feridas e as queimaduras coas técnicas de limpeza, desinfección e protección.
CA4.3 Valorouse a aplicación de cuidados hixiénicos e alimentarios en función das patoloxías máis frecuentes.
CA4.7 Rexistráronse as actuacións realizadas e os fármacos administrados, utilizando o soporte e a documentación requiridos.
CA4.8 Recoñecéronse as normas de coidado e atención a persoas moribundas, e aplicáronse as medidas necesarias en caso de falecemento.
CA5.6 Identifícanse as técnicas de autocontrol ante situacións de estrés, para a intervención eficaz en situacións de asistencia sanitaria de emerxencia.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina as medidas preventivas para a saúde da tripulación e a pasaxe, tendo en conta os accidentes máis comúns, os procedementos básicos de hixiene e os principios de educación sanitaria a bordo, conforme a normativa sanitaria.

Resultados de aprendizaxe do currículo

RA2 - Efectúa a valoración do estado do/a paciente, aplicando técnicas de recoñecemento e exploración elemental e realizando, de ser o caso, consulta radiomédica.
RA3 - Organiza o rescate, o traslado e a evacuación de persoas enfermas e accidentadas a bordo, valorando o seu estado e os medios dispoñibles, consonte a normativa.
RA4 - Determina os cuidados e a atención sanitaria básica á persoa enferma ou accidentada a bordo, en función da patoloxía ou a lesión, e aplicando os protocolos establecidos.
RA5 - Valora a aplicación das técnicas de primeiros auxilios en asistencia sanitaria de emerxencia, relacionando o estado do/a paciente coas patoloxías ou lesións máis frecuentes a bordo, seguindo os protocolos establecidos.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado
Criterios de avaliación do currículo

CA1.4 Determináronse actividades de adestramento preventivo hixiénico-sanitario, valorando a súa adecuación ao tipo de navegación.
CA1.6 Tivéronse en conta as recomendacións sanitarias en materia de vacinación para traballadores/as do mar, de acordo cos riscos asociados á natureza da viaxe.
CA1.7 Asociáronse os tipos regulamentarios de caixas de primeiros auxilios co seu ámbito de aplicación e os seus contidos mínimos.
CA2.1 Aplicáronse técnicas de toma de constantes vitais e realizáronse as manobras exploratorias elementais, segundo os protocolos establecidos.
CA2.2 Identificouse a situación das rexións anatómicas e dos órganos vitais máis importantes, segundo establece o manual para consultas radiomédicas.
CA2.3 Caracterizouse o interrogatorio que se lle fai a un/unha paciente para se aproximar a un diagnóstico, de acordo co protocolo establecido.
CA2.4 Identificáronse situacións e emerxencias de carácter médico que, en caso de se producir a bordo dun buque, adquiren importancia ao efectuarse a consulta médica por radio.
CA2.5 Efectuouse a consulta médica por radio, simulada, aplicando os procedementos establecidos, utilizando o vocabulario internacional estandarizado, e rexistrouse a información obtida.
CA3.3 Caracterizáronse os medios e as técnicas de mobilización e inmovilización da persoa enferma ou accidentada a bordo, para o seu transporte e a súa evacuación con seguridade.
CA3.4 Caracterizouse a secuencia de actuacións sanitarias de preparación da persoa accidentada, para a súa evacuación ou o seu traslado.
CA4.4 Recoñecéronse as formas de administración de medicamentos por diferentes vías.
CA4.5 Adquiriuse a destreza suficiente para a administración correcta e segura de inxectables intramusculares.
CA4.6 Valorouse a importancia das incompatibilidades entre medicamentos, os seus efectos secundarios e a súa caducidade.
CA5.1 Caracterizáronse os métodos para o control das hemorragias.
CA5.2 Relacionáronse os síntomas e os signos do shock coas súas causas máis frecuentes.
CA5.3 Asociáronse os principais síntomas e signos da hipotermia coas medidas que cumpra adoptar.
CA5.4 Relacionáronse os principais tipos de traumatismos coa sintomatoloxía específica.
CA5.5 Determinouse a actuación ante unha persoa intoxicada, tendo en conta a relación entre a vía de intoxicación e os síntomas.
CA5.7 Aplicáronse as técnicas de reanimación cardiopulmonar.
CA5.8 Aplicáronse métodos para permeabilizar a vía aérea.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Cumprir os obxectivos mínimos das ensinanza de Atención sanitaria a bordo :

1. Aplicacións de técnicas básicas de primeiros auxilios e cuidados sanitarios en diferentes condicións e situacións a bordo.
2. Poder auxiliar en intervencións de emerxencia sanitaria a bordo.
3. Obter rexistro das constantes vitais do organismo e representalas gráficamente no soporte documental adecuado.
4. Recoñecer e seleccionar o material dos botiquíns e equipo necesario para a correcta axuda na consulta ou servizo sanitario que se realice a bordo.
5. Seleccionar e no seu caso aplicar as técnicas de protección e prevención das posibles infeccións que poidan xurdir nas zonas onde se traballa e o mantemento da hixiene individual e da embarcación.

Deberá responder correctamente (oralmente e/ou por escrito) ás cuestións que se irán expondo no aula e relacionadas con cada un dos devanditos contidos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

AMOSAR DESTREZA E COÑECEMENTO SUFICIENTE PARA RESOLVER OU NO SEU CASO PALIAR AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA MÉDICA PLANTEXADAS

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

O EXAME CONSTARÁ DE 10 PREGUNTAS CORTAS.

CADA PREGUNTA SERÁ VALORADA A RAZÓN DE UN PUNTO POR RESPONSA CORRECTA

O ALUMNO DEBERÁ ACADAR UNHA PUNTUACIÓN MÍNIMA DE 5 PUNTOS

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA PARA A PROBA TEÓRICA

Pode premer no seguinte enlace para acceder á Guía Sanitaria a bordo do ISM

<http://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/d72edd98-005a-49d0-9190-310238d53438/GUIA+SANITARIA+A+BORDO+%28Ed+2013%29.pdf?MOD=AJPERES&CVID=>

4.b) Segunda parte da proba

DURARÁ DUAS HORAS O EXAME PRÁCTICO

DEBERÁ REALIZAR CATRO ACTIVIDADES PRÁCTICAS QUE SERÁN CUALIFICADAS CON 2,5 PUNTOS CADA UNHA.

O ALUMNO DEBERÁ ACADAR UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011804	Marítimo Pesqueiro do Atlántico	Vigo	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAP	Marítimo-pesqueira	CMMAP03	Navegación e pesca de litoral	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1034	Instalacións e servizos	2021/2022	0	105	0
MP1034_12	Funcionamento e control do motor propulsor e maquinaria auxiliar	2021/2022	0	45	0
MP1034_22	Funcionamento do parque de pesca e sistemas de control da ponte	2021/2022	0	60	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ANTONIA ALFARO GÓMEZ,PASCUAL ARES LOPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1034_22) RA1 - Verifica e controla a operatividade da maquinaria do parque de pesca, os sistemas hidráulicos e as instalacións frigoríficas dun buque de pesca litoral, identifica os seus elementos principais e describe a súa función.
(MP1034_12) RA1 - Caracteriza os sistemas propulsores e as máquinas auxiliares dunha embarcación de navegación litoral, identificando os seus elementos principais e describindo a súa función.
(MP1034_12) RA2 - Determina o aprovisionamento de consumos do motor propulsor e dos equipamentos auxiliares en condicións de seguridade, interpretando os procedementos establecidos e utilizando documentación técnica.
(MP1034_22) RA2 - Atende as alarmas e resolve as disfuncións observadas nos sistemas de control e nas instalacións informáticas da ponte, interpretándoas e actuando conforme os procedementos e, de ser o caso, os protocolos establecidos, sen ocasionar danos.
(MP1034_12) RA3 - Efectúa o control de motores propulsores de embarcacións con mando polivalente, interpretando a súa documentación técnica e efectuando as operacións de mantemento preventivo requiridas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1034_12) CA1.1 Identifícanse os elementos e os circuitos esenciais do motor de combustión interna e a súa función.
(MP1034_22) CA1.1 Interpretáronse os principios de funcionamento de instalacións pneumáticas e hidráulicas, relacionando a natureza e as características dos compoñentes coa función que realizan no circuito.
(MP1034_12) CA1.2 Asociáronse os compoñentes dunha planta propulsora en planos e esquemas coas principais características técnicas que presentan os equipamentos e a función que realizan nas instalacións e nos servizos auxiliares.
(MP1034_12) CA1.3 Identifícanse as instalacións e os servizos auxiliares de propulsión, interpretando documentación técnica e simboloxía, e describíronse os seus principios de funcionamento.
(MP1034_22) CA1.3 Comprobase que o sistema hidráulico do temón funcione correctamente antes de saír ao mar, en modo automático e manual.
(MP1034_12) CA1.4 Controláronse os parámetros de funcionamento dos xeradores de enerxía eléctrica no cadro de distribución.
(MP1034_22) CA1.4 Relacionáronse as características técnicas e operativas das maquinifas de pesca e haladores de rede coas exigencias de tiro en cables e malletas, e de tracción en artes, durante as actividades extractivas.
(MP1034_22) CA1.4.1 Instalacion electrica a bordo
(MP1034_12) CA1.5 Detectáronse as anomalías máis frecuentes no motor propulsor e nos sistemas auxiliares, utilizando un simulador de cámara de máquinas ou en sala de máquinas real.
(MP1034_22) CA1.6 Relacionouse a natureza e as características dos elementos esenciais dunha instalación frigorífica cos seus parámetros de traballo e a súa función.
(MP1034_12) CA1.9 Valoráronse criterios de eficiencia enerxética no funcionamento das instalacións propulsoras e auxiliares do buque.
(MP1034_22) CA2.1 Manexouse o multímetro para comprobar os parámetros esenciais de funcionamento.
(MP1034_12) CA2.1 Identifícanse os tanques de almacenamento en planos e seleccionouse o procedemento de sonda que cumpra realizar antes e despois de cada aprovisionamento.
(MP1034_12) CA2.2 Asociáronse os elementos do servizo de combustible (condutos, válvulas, filtros e accesorios) coa súa simboloxía en planos e esquemas da instalación.
(MP1034_12) CA2.3 Asociáronse as operacións de abastecemento, trasfega e achicamento de combustible, aceite e auga co sistema de bombeamento e as técnicas requiridas, utilizando planos e esquemas das instalacións.
(MP1034_22) CA2.3 Comprobase o funcionamento das fontes de alimentación, os transformadores e os rectificadores dos equipamentos eléctricos e electrónicos, e as luces de navegación.
(MP1034_12) CA2.4 Utilizáronse as táboas de capacidades nas operacións con tanques e valorouse a precisión na súa execución, para axustar os seus niveis aos valores establecidos.
(MP1034_22) CA2.4 Axustáronse os equipamentos informáticos para obter o rendemento óptimo nas aplicacións de uso a bordo.

Cráterios de avaliación do currículo
(MP1034_12) CA2.5 Tivéronse en conta no aprovisionamento de combustibles, auga e aceites, as condicións de estabilidade do buque, as normas de seguridade e as medidas de prevención, para evitar a contaminación do medio mariño.
(MP1034_22) CA2.5 Localizáronse avarías nos sistemas informáticos mediante ferramentas de diagnóstico de software e hardware.
(MP1034_12) CA2.6 Tivéronse en conta os procedementos establecidos para o seguimento dos consumos de combustible, aceites e auga.
(MP1034_22) CA2.6 Identificáronse os compoñentes dos dispositivos dun equipamento informático susceptibles de axuste, reparación ou substitución a nivel de usuario, para a resolución de avarías a bordo.
(MP1034_12) CA2.7 Identificáronse as operacións de mantemento das instalacións de fluídos e os procedementos de separación de mesturas.
(MP1034_22) CA2.8 Substituíuse un elemento avariado (disco ríxido, unidade de alimentación, placa base, etc.) cos repostos dispoñibles, sen ocasionar danos e restituíndo a funcionalidade do equipamento.
(MP1034_12) CA3.1 Efectuouse a posta en marcha e a parada do motor propulsor, seguindo a secuencia indicada.
(MP1034_12) CA3.2 Relacionouse o funcionamento do motor e dos equipamentos auxiliares cos valores dos parámetros asociados.
(MP1034_12) CA3.3 Detectáronse perdas ou fugas de aceite de lubricación no motor propulsor e nos equipamentos auxiliares que se corríxen provisionalmente, de acordo co manual de funcionamento.
(MP1034_12) CA3.5 Efectuáronse as operacións de mantemento preventivo do motor, de acordo coas indicacións da documentación técnica.
(MP1034_12) CA3.6 Aplicáronse os procedementos de desmontaxe e montaxe, de acordo co establecido na documentación técnica.
(MP1034_12) CA3.8 Efectuáronse as operacións de mantemento do sistema de baterías.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1034_22) RA1 - Verifica e controla a operatividade da maquinaria do parque de pesca, os sistemas hidráulicos e as instalacións frigoríficas dun buque de pesca litoral, identifica os seus elementos principais e describe a súa función.
(MP1034_12) RA1 - Caracteriza os sistemas propulsores e as máquinas auxiliares dunha embarcación de navegación litoral, identificando os seus elementos principais e describindo a súa función.
(MP1034_12) RA2 - Determina o aprovisionamento de consumos do motor propulsor e dos equipamentos auxiliares en condicións de seguridade, interpretando os procedementos establecidos e utilizando documentación técnica.
